

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

RESOLUCIÓN do 24 de febreiro de 2023 pola que se publica a modificación do plan de estudos de graduado ou graduada en Turismo pola Universidade da Coruña.

O plan de estudos do título de graduado ou graduada en Turismo pola Universidade da Coruña foi publicado por Resolución do 12 de maio de 2010 no *Boletín Oficial del Estado* (BOE) do 29 de maio, unha vez establecido o carácter oficial do título por Acordo do Consello de Ministros do 30 de outubro de 2009, publicado mediante Resolución da Secretaría Xeral de Universidades do 13 de novembro de 2009 no BOE do 5 de xaneiro de 2010.

A Universidade da Coruña presentou unha solicitude de modificación do plan de estudos do grao en Turismo que obtivo o informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) o día 4 de maio de 2020.

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, dispón no artigo 28 o procedemento para a modificación de plans de estudo conducentes á obtención de títulos xa verificados.

Polo exposto,

RESOLVO:

Publicar o plan de estudos conducente á obtención do título de graduado ou graduada en Turismo pola Universidade da Coruña coas modificacións aprobadas, que se estrutura segundo consta no anexo e con efectos desde o curso académico 2020/2021.

A Coruña, 24 de febreiro de 2023

Julio E. Abalde Alonso
Reitor da Universidade da Coruña

ANEXO**Plan de estudos conducente á obtención do título de graduado ou graduada en Turismo pola Universidade da Coruña**

Código RUCT: 2501020.

Plan de estudos que se inicia no curso 2020/21 por modificación do plan anterior.



Estrutura das ensinanzas (Real decreto 1393/2007, anexo I, punto 5.1).

1. Rama de coñecemento á que se adscribe o título: Ciencias Sociais e Xurídicas.

2. Distribución do plan de estudos en créditos ECTS, por tipo de disciplina:

Tipo de disciplina	Créditos ECTS
Formación básica (FB).....	60
Obrigatorias (OB).....	132
Optativas (OP).....	18
Prácticas externas (PE).....	24
Traballo fin de grado (TFG).....	6
Total.....	240

3. Contido do plan de estudos.

3.1. Créditos de formación básica: distribución por materias e rama de coñecemento.

Rama de coñecemento	Materia	Disciplina	Créditos ECTS	Curso
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito	Introdución ao Dereito	6	1º
	Socioloxía	Socioloxía do Turismo	6	1º
	Economía	Introdución á Economía	6	1º
		Economía da Empresa	6	1º
	Estatística	Estatística	6	2º
	Comunicación	Técnicas de Comunicación e de Promoción Turísticas	6	1º
Arte e Humanidades	Xeografía	Xeografía do Turismo	6	1º
	Arte	Patrimonio Cultural	6	1º
	Idioma Moderno	Idioma Moderno: Inglés	6	1º
Enxeñaría e Arquitectura	Informática	Informática de Xestión e do Coñecemento	6	1º

3.2. Contido do plan de estudos por módulo.

Módulo	Disciplina	Carácter	Créditos ECTS	Curso
Dirección e Xestión de Empresas de Servicios Turísticos	Introdución ao Dereito	FB	6	1º
	Economía da Empresa	FB	6	1º
	Contabilidade Financeira	OB	6	2º
	Contabilidade de Custos	OB	6	2º
	Fiscalidade Turística	OB	6	3º
	Análise de Estados Financeiros	OB	6	3º
	Creación e Xestión de Empresas Turísticas	OP	6	3º
	Dirección Estratéxica de Empresas Turísticas	OP	6	4º
	Xestión de Recursos Humanos	OP	6	2º



Módulo	Disciplina	Carácter	Créditos ECTS	Curso
Fundamentos e Dimensións do Turismo	Socioloxía do Turismo	FB	6	1º
	Introdución á Economía	FB	6	1º
	Patrimonio Cultural	FB	6	1º
	Introdución ao Turismo	OB	6	1º
	Estatística	FB	6	2º
Xestión de Aloxamentos e Restauración	Aloxamentos e Restauración I	OB	6	2º
	Aloxamentos e Restauración II	OB	6	3º
	As TIC Aplicadas ao Turismo	OB	6	3º
Distribución Turística e Transportes	Informática de Xestión e do Coñecemento	FB	6	1º
	Intermediación Turística e Transporte I	OB	6	2º
	Intermediación Turística e Transporte II	OB	6	3º
Recursos e Produtos Turísticos	Xeografía do Turismo	FB	6	1º
	Recursos Territoriais Turísticos	OB	6	2º
	Métodos e Técnicas de Investigación no Turismo	OB	6	3º
	Xestión Turística do Patrimonio	OB	6	3º
	Novos Produtos Turísticos	OP	6	3º
	Itinerarios Turísticos do Mundo e Información Turística	OP	6	2º
	Interpretación do Patrimonio	OP	6	2º
Destinos Turísticos	Técnicas de Comunicación e de Promoción Turísticas	FB	6	1º
	Márketing Turístico	OB	6	2º
	Xestión Pública do Turismo	OB	6	4º
	Xestión de Calidade	OB	6	4º
	Comercialización de Produtos Turísticos	OB	6	4º
	Galicia como Destino Turístico	OP	6	4º
	A Imaxe dos Produtos e Destinos Turísticos nos Medios de Comunicación	OP	6	3º
Idiomas	Idioma Moderno: Inglés	FB	6	1º
	Segundo Idioma Moderno I	OB	6	2º
	Segundo Idioma Moderno II	OB	6	3º
	Segundo Idioma Moderno III	OB	6	4º
	Inglés no Contorno Profesional	OP	6	4º
	Primeiro Idioma Moderno I	OB	6	2º
	Primeiro Idioma Moderno II	OB	6	3º
Prácticum	Prácticas en Empresas	PE	24	4º
Traballo fin de grao	Traballo fin de grao	TFG	6	4º

3.3. Contido do plan de estudos por curso académico.

Primeiro curso.

Disciplina	Carácter	Créditos ECTS
Introdución ao Dereito	FB	6
Economía da Empresa	FB	6



Disciplina	Carácter	Créditos ECTS
Socioloxía do Turismo	FB	6
Introdución á Economía	FB	6
Patrimonio Cultural	FB	6
Introdución ao Turismo	OB	6
Informática de Xestión e do Coñecemento	FB	6
Xeografía do Turismo	FB	6
Técnicas de Comunicación e de Promoción Turísticas	FB	6
Idioma Moderno: Inglés	FB	6

Segundo curso.

Disciplina	Carácter	Créditos ECTS
Contabilidade Financeira	OB	6
Contabilidade de Custos	OB	6
Estatística	FB	6
Aloxamentos e Restauración I	OB	6
Intermediación Turística e Transporte I	OB	6
Recursos Territoriais Turísticos	OB	6
Márketing Turístico	OB	6
Segundo Idioma Moderno I	OB	6
Primeiro Idioma Moderno I	OB	6
Optativa	OP	6

Optativas de segundo curso.

Disciplina	Carácter	Créditos ECTS
Xestión de Recursos Humanos	OP	6
Itinerarios Turísticos do Mundo e Información Turística	OP	6
Interpretación do Patrimonio	OP	6

Terceiro curso.

Disciplina	Carácter	Créditos ECTS
Fiscalidade Turística	OB	6
Análise de Estados Financeiros	OB	6
As TIC Aplicadas ao Turismo	OB	6
Aloxamentos e Restauración II	OB	6
Intermediación Turística e Transporte II	OB	6
Métodos e Técnicas de Investigación no Turismo	OB	6



Disciplina	Carácter	Créditos ECTS
Xestión Turística do Patrimonio	OB	6
Segundo Idioma Moderno II	OB	6
Primeiro Idioma Moderno II	OB	6
Optativa	OP	6

Optativas de terceiro curso.

Disciplina	Carácter	Créditos ECTS
Creación e Xestión de Empresas Turísticas	OP	6
Novos Produtos Turísticos	OP	6
A Imaxe dos Produtos e Destinos Turísticos nos Medios de Comunicación	OP	6

Cuarto curso.

Disciplina	Carácter	Créditos ECTS
Xestión Pública do Turismo	OB	6
Xestión de Calidade	OB	6
Comercialización de Produtos Turísticos	OB	6
Segundo Idioma Moderno III	OB	6
Optativa	OP	6
Prácticas en Empresas	PE	24
Traballo Fin de Grao	TFG	6

Optativas de cuarto curso.

Disciplina	Carácter	Créditos ECTS
Dirección Estratéxica de Empresas Turísticas	OP	6
Galicia como Destino Turístico	OP	6
Inglés no Contorno Profesional	OP	6

A unidade temporal de todas as disciplinas é cuadrimestral e existe un equilibrio de créditos entre cuadrimestres.

4. Condicións de terminación.

O alumnado deberá superar 240 créditos ECTS, distribuídos como se indica no punto 2, para obter o título de graduado ou graduada en Turismo.

